

# O Gulliver que non viramos

---

**Viajes de Gulliver** · Jonathan Swift ·  
Guillermo Pérez Villalta (Ilustrador) ·  
Galaxia-Gutenberg, 2006 · 424 páx. ·  
38 euros

---

**M**eu pai tiña una pequena facenda no condado de Nottingham e eu era o terceiro de cinco irmáns”.

Así comeza o que, en moi distintas edicións e adaptacións, foi un dos máis atractivos libros de aventuras que chegaron ás mans dos adolescentes. Seguramente poucas obras tiveron tan dispar sorte editorial coma esta. Lembro agora dúas edicións interesantes, a que fixo a escritora e tradutora galega M<sup>a</sup> Luz Morales arredor de 1955 para a Editorial Araluce, e unha de 1969 feita por Salvat ao abeiro de TVE nunha colección popular e barata, que levaba prólogo de Álvaro Cunqueiro. Ademais da galega que, con tradución de Monteagudo e García-Sendón, ten aínda en catálogo Edicións Xerais.

Este libro é un caso paradigmático de obra que pasou a se integrar na literatura infantil e xuvenil por apropiación dos propios lectores mozos, como ocorreu con outras moitas, aínda que, con frecuencia, a estes lectores máis novos só se lles ofreceran as dúas primeiras partes do libro: *Viaxe a Lilibut* e *Viaxe a Brobdingnag*.

Estamos aquí diante duna edición completa: non só inclúe as catro viaxes, senón que tamén leva as dúas cartas iniciais que dan razón do artificio creado por Swift para dar por verdadeiro o apócrifo Lemuel Gulliver, xa que a primeira edición de 1726 se publica de forma anónima.

Este clérigo anglo-irlandés, autor compulsivo de panfletos e manifestos que o adornaron cun gran número de inimigos (dos que escapou facéndose deán da Catedral de San Patricio), era un xenio da sátira que en “Unha modesta proposición” chegou a suxerir que os nenos pobres irlandeses fosen vendidos como carne para mellorar a dieta dos ricos.

Nas *Viaxes de Gulliver* despáchase a gusto coa nobreza igno-

rante do seu tempo, cos delirios científicos que apuntaban aos máis estafalarios disparates, co mito da eterna xuventude ou da inmortalidade, con sociedades de ananos ou xigantes (metáfora do seu tempo e da realidade na que vivía), cun mundo no que os *houyhnhnms*, cabalos, son os sensatos e razoábeis, mentres os *yahoos* son humanoides bestializados, nos que se espellan os cidadáns británicos polos que tan



pouco respecto sentía.

E agora chega esta pulcra e fermosa edición de Galaxia-Gutenberg con tradución e notas de Emilio Lorenzo e ilustrada polo prestixioso pintor tarifeño Guillermo Pérez Villalta. Son 88 acuarelas que nas páxinas despregábeis recollen mundos de magníficas e belas arquitecturas (nomeadamente a reproducida na sobrecuberta) que lle dan á edición una lectura enriquecedora. O mesmo pasa coas ilustracións a páxina completa que interpretan os escenarios de Swift e cumpren unha clara e axustada función narrativa, como o fan tamén os mapas que sitúan cada viaxe. Non ocorre igual coas figuras que adornan as páxinas de inicio de capítulo ou algunhas das capitulares que, coa súa pretensión de alegoría orgánica, derivan perigosamente ao kitsch.

Pero con todo non se pode dicir nada que non sexa recomendar facerse con esta edición de tan apaixonante obra, porque sabremos que temos un libro deses que dá gusto ler e posuír.

**// Xabier P. DoCampo**